



## Concello de Castroverde

### **BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS ANTIGAS**

#### ***“CASTROVERDE, UNHA VOLTA Ó PASADO”***

#### **OBXECTIVOS:**

- Reconstruír fotograficamente a historia de Castroverde
- Recuperar as formas de vida anteriores: historias, experiencias, vivencias...
- Promover e difundir a riqueza cultural, social, monumental e paisaxística.
- Crear un banco de imaxes antigas do Concello de Castroverde e as súas xentes, para exposicións, álbumes ou calquera outra actuación organizada polo Concello.

#### **PARTICIPANTES:**

Poderán participar neste concurso calquera persoa maior de idade que o desexe e acepte as presentes bases.

Os participantes deberán ser os propietarios das fotografías antigas que presenten (poderanse presentar o número de obras que se desexen).

Cada participante manifesta e garante ó Concello de Castroverde que é o único titular de todos os dereitos sobre a fotografía que presenta no concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

#### **TEMÁTICA E REQUISITOS:**

- As imaxes das fotografías deberán ser de algún lugar do Concello de Castroverde e deberán ser anteriores a 1970.
- Poderán referirse a calquera dos seguintes temas:
  - **Fotos familiares:** deben ser identificados, como mínimo, o ano en que foi feita, tipo de evento e algún nome.
  - **Fotos sociais:** comprende eventos de todo tipo.
  - **Fotos culturais:** Todo tipo de actividade cultural, ensaios, eventos, etc...
  - **Fotos deportivas:** Eventos, delegacións, partidos.
  - **Paisaxes urbanos:** Rúas, edificios, monumentos, prazas, ríos, entre outros.
  - **Paisaxes rurais:** Paisaxes, estancias, traballos rurais, animais.
  - **Outros...**
- **Deberá presentarse xunto con cada imaxe un breve escrito con algún tipo de información sobre a mesma , a data e o lugar onde foi feita.**
- Estarán prohibidas as imaxes que sexan produto de fotomontaxes.
- **As fotografías poderán presentarse en formato físico ou dixital.** De presentarse en formato físico deberán traer a orixinal para facer no concello copia/s da/s mesma/s e dixitalizala/s así xa se lles devolve a/s orixinal/ais ó propietario/a das mesmas.

## Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: NTRPTZDTAA3N2EAZJMHE25HH | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



## Concello de Castroverde

---

### PREMIOS:

**1º PREMIO: 200 €**

**2º PREMIO: 150 €**

**3º PREMIO: 100 €**

O premio terá que ser invertido en un ou varios dos establecementos do concello de Castroverde, é dicir: comercios, bares-restaurantes, hostais, casas rurais, ou de calquera outro tipo sempre e cando sexa negocio comercial e estea situado no noso concello. Deberá xustificarse entregando no concello de Castroverde 1 ticket/ factura (ou varios) de compra que sumen o importe do premio obtido, **aceptaranse soamente os tickets/facturas que teñan como data entre o 10 de maio e o 10 de xuño do presente ano. O prazo para xustificar este gasto remata o 10 de xuño** (se non se xustifica nese prazo o premio quedará anulado). Unha vez se xustifique dentro do prazo establecido o concello aboará á persoa gañadora o importe correspondente do premio obtido a través dunha transferencia ó número de conta que indicou na solicitude.

### XURADO:

O xurado do presente concurso estará integrado por persoas expertas na materia, valorarán sobre todo a información etnográfica e histórica das fotografías a demais de outro tipo de cualidades que estimen oportunas.

### INSCRICIÓNS E PRAZO DE PRESENTACION:

Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición segundo o formulario do ANEXO I das presentes bases, xunto con este anexo presentarase a/s fotografía/s antiga/s que queiran que entren no concurso xunto con un breve escrito con algún tipo de información de cada fotografía. Poderán presentarse presencialmente nas oficinas do concello ou a través do correo electrónico [info@concellodecastroverde.com](mailto:info@concellodecastroverde.com) como **data límite o 29 de abril do presente ano**. No caso de presentar a documentación por correo electrónico deberase chamar despois ao Concello para confirmar a súa recepción.

### PUBLICACIÓN:

**As fotografías gañadoras do concurso xunto co nome e apelidos do seu autor/a serán publicadas o día 10 de maio na web e perfil de facebook do concello de Castroverde, avisaranse tamén ós gañadores por vía telefónica.**

---

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: NTRPTZDTAA3N2EAZJMHOE2SHH | Corrección: <https://concellodecastroverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



## Concello de Castoerverde

---


### **OUTRAS DETERMINACIÓNS:**

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a decisión que determine o xurado e a cesión a favor do Concello de Castoerverde por parte dos concursantes dos dereitos de reprodución, comunicación, distribución, transformación e divulgación pública sobre as obras fotográficas, sempre que se usen para a promoción do valor patrimonial e cultural do Concello de Castoerverde todo elo sen ánimo de lucro e mencionándose sempre o nome do autor/a da/s fotografía/s.

Cada participante responderá sobre a validez dos seus actos, é dicir, o incumprimento dos participantes en calquera dos puntos destas bases exime de responsabilidades ós membros do xurado e á organización deste concurso.

A organización poderá introducir, si o cree necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.

Asdo.: M<sup>a</sup> Pilar Ferreiro Villar  
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude





## Concello de Casto Verde

---

### ANEXO I

#### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ANTIGA “CASTROVERDE UNHA VOLTA Ó PASADO”

Don/a.....con DNI.....  
domicilio.....  
telefono/s.....  
e correo electrónico (opcional).....

- Solicito participar no **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ANTIGA  
“CASTROVERDE UNHA VOLTA Ó PASADO”**

-Achego.....(nº de fotografías que se presentan) fotografía/s para  
participar no concurso xunto con unha breve descrición de cada unha delas.

Acepto a publicación da/s fotografía/s tanto na web como no perfil de  
facebook do Concello de Casto Verde

Autorizo ó Concello de Casto Verde a poder facer uso das mesmas  
sempre que se usen para a promoción do valor patrimonial e cultural do  
Concello de Casto Verde todo elo sen ánimo de lucro.

Acepto tamén todo o establecido nas bases deste concurso.

(necesario marcar os 3 recadros anteriores para participar no concurso)

No caso de ser beneficiario/s de algún dos premios do concurso autorizo a

---

**Concello de Casto Verde**

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: NTRPTZDTAA3N2EAZJMHQE2SHH | Corrección: <https://concellocastoverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



## Concello de Castroverde

---

que se faga o ingreso do premio, unha vez presente a xustificación a través de ticket/s ou factura/s nas oficinas do concello, no seguinte número de conta:

**IBAN:**

--	--	--	--	--	--

Castroverde.....de.....de 2021

Asdo.:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Personais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Fotografía Antiga “Castroverde, unha volta ó pasado” organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE**

---

**Concello de Castroverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: NTRPTZDTAA3N2EAZJMHOE25HH | Corrección: https://concellocastroverde.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5